

## **Anteproxecto de Decreto do \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019, pola que se regula o censo de solo empresarial de Galicia**

Conforme cos principios reitores establecidos nos artigos 47 e 148.1.3º e 13º da Constitución española, o artigo 27.3 do Estatuto de autonomía para Galicia atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia da regulamentación do solo para o fomento do desenvolvemento económico de acordo co interese xeral.

Correspóndelle á consellería competente en materia de vivenda e solo, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), no marco do establecido na Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do referido instituto e consonte coa súa estrutura orgánica, aprobada polo Decreto 97/2014, do 24 de xullo, a proposta de disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política en materia de solo empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa execución e avaliación, planificación, desenvolvemento e xestión do solo empresarial no ámbito autonómico.

O artigo 12 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia, crea o censo de solo empresarial de Galicia, como un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial na Comunidade Autónoma.

O censo de solo empresarial de Galicia vén configurado normativamente como un rexistro público de natureza administrativa, no que as persoas promotoras das áreas empresariais deben inscribilas obrigatoriamente .


A elaboración do censo de solo empresarial de Galicia resulta necesaria para coñecer mellor a situación real da diversa tipoloxía das áreas empresariais existentes no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a constante actualización da información. Esta información actualizada permitirá realizar unha toma eficiente de decisións co fin de incrementar a modernización e competitividade das zonas industriais, atraer investimentos, captar novas empresas e favorecer a creación de emprego e o equilibrio territorial.

No contexto exposto, o presente decreto determina a estrutura, funcionamento, documentación necesaria e prazos para a inscrición no censo de solo empresarial de Galicia e o réxime sancionador.

A inscrición no censo é obrigatoria, pero non supedita o acceso á actividade de promoción de áreas empresariais e, en todo caso, é un requisito necesario, non discriminatorio, proporcionado, obxectivo e xustificado en razóns de interese social.

Establécese a inscrición unicamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, por razón da capacidade técnica e a dedicación profesional das persoas promotoras das áreas empresariais e respectando e potenciando os principios de celeridade, transparencia, publicidade e accesibilidade.





Na elaboración desta norma integrouse a participación dos sectores afectados, en consonancia cos valores da boa regulación que debe presidir toda actuación normativa das Administracións Públicas.

O decreto estrutúrase en catro capítulos, dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I, “Disposicións xerais”, regula o obxecto, a finalidade e o ámbito obxectivo e subxectivo e define que se debe entender por área empresarial.

O capítulo II, “Organización do censo e procedemento de inscrición”, recolle a estrutura do censo de solo empresarial de Galicia e o procedemento de inscrición e de modificación.

Baixo a rúbrica “Acceso ao censo” do capítulo III, regúlase a obtención polas persoas interesadas da información derivada da inscrición das áreas empresariais no censo.

O capítulo IV, “Régime sancionador”, de conformidade co previsto nos artigos 22 e seguintes da Lei 5/2017, do 19 de outubro, desenvolve o réxime sancionador aplicable á infracción administrativa da falta de inscrición das áreas empresariais no censo do solo empresarial de Galicia.

As disposicións adicionais conteñen previsións en relación coa protección de datos persoais e a actualización dos formularios que figuran como anexos ao decreto. A disposición transitoria primeira establece o prazo para a inscrición das áreas empresariais en funcionamento e a disposición transitoria segunda posibilita a incorporación automática ao censo da información das áreas empresariais xa dispoñibles polas sociedades Xestión do Solo de Galicia, S.A., e *Suelo Empresarial del Atlántico, S.A.* As dúas disposicións derradeiras refírense, respectivamente, as facultades para a execución do decreto e a súa entrada en vigor.


Na súa virtude, por proposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, oído/ de acordo co Consello Consultivo e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa xuntanza do día ..de ... de dous mil dezanove,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I Disposicións xerais

### Artigo 1. *Obxecto*

1. O decreto ten por obxecto regular a estrutura e o funcionamento do censo de solo empresarial de Galicia, rexistro público de natureza administrativa dependente da



consellería competente en materia de vivenda e solo e xestionado polo IGVS, así como o réxime sancionador.

2. O censo será único para toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

### Artigo 2. *Finalidade*

1. O censo de solo empresarial de Galicia ten como finalidade coñecer o solo realmente dispoñible e o grao de ocupación das áreas empresariais existentes na Comunidade Autónoma, co obxecto de que sexa un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial para impulsar desenvolvementos eficientes e social e medioambientalmente sostibles.

2. Pola súa finalidade informativa e a súa natureza declarativa que non leva cualificación xurídica polo IGVS dos asentos rexistrados, a inscrición no censo non implica obter o recoñecemento de dereitos ou facultades.

### Artigo 3. *Concepto de área empresarial*


1. Para os efectos do decreto, enténdese por área empresarial un ámbito de solo constituído por un conxunto de parcelas, urbanizadas conforme á lexislación urbanística ou de ordenación do territorio, susceptibles de comercialización independente e cun destino principal que é a implantación de instalacións nas que desenvolver usos e actividades económicas dominantes correspondentes aos sectores secundario ou terciario.

2. Para a súa inscrición no censo de solo empresarial de Galicia considéranse áreas empresariais as que estean en funcionamento á entrada en vigor do decreto e aquelas previstas para o seu inmediato desenvolvemento por ter aprobados os correspondentes plans parciais ou proxectos sectoriais.

### Artigo 4. *Ámbito e obrigatoriedade*

1. Deberán inscribirse neste censo todas as áreas empresariais que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como as áreas previstas para o seu inmediato desenvolvemento, sexan propiedade de persoas físicas ou xurídicas promotoras públicas ou privadas e con independencia de onde teñan o seu domicilio social.

Cando unha área empresarial fora promovida por persoas públicas e privadas, cualificarase atendendo á participación que teña máis importancia desde o punto de vista económico.



2. A inscrición no censo de solo empresarial de Galicia non eximirá do cumprimento da inscrición das parcelas das áreas empresariais no Rexistro da Propiedade nin noutros rexistros públicos que puidesen existir.

### Artigo 5. *Órgano competente*

O órgano competente do censo de solo empresarial de Galicia é a Dirección Xeral do IGVS.

## CAPÍTULO II Organización do censo e do procedemento de inscrición

### Artigo 6. *Estrutura*

No censo de solo empresarial de Galicia constarán para cada área empresarial os seguintes datos:

#### 1. Obrigatorios:

- a) Denominación e datos da entidade promotora titular da área.
- b) Denominación da área e tipoloxía (polígono industrial, plataforma loxística, parque tecnolóxico, polígono comercial ou outra).
- c) Enderezo, indicando provincia, localidade, dirección e coordenadas GPS referidas ao centro da área.
- d) Ano de construción/posta en funcionamento. Superficie total e fase de desenvolvemento do ámbito.
- e) Plano de zonificación da área coa identificación das parcelas, en formatos .dwg e .pdf.
- f) Estado da área empresarial: en funcionamento, en execución ou para o seu inmediato desenvolvemento.
- g) Oferta dispoñible, individualizada por parcelas identificadas coa súa referencia catastral, superficie e usos permitidos. Indicarase o tipo de espazo dispoñible (naves, oficinas ou parcelas), os usos (servizos, industriais, comerciais ou loxística) e a natureza da operación (venta, arrendamento con ou sen opción de compra, dereito de superficie con ou sen opción de compra).

#### 2. Opcionais:

- a) Características urbanísticas, con referencia da URL ou nome do ficheiro no que se xunta a documentación do planeamento regulador ou proxecto de urbanización.
- b) Infraestruturas, servizos e subministracións: depuradora de augas, vixilancia, zona de aparcadoiro, internet de alta velocidade, gardería, restaurante, hotel, gasoleira, loxística ou outros.
- c) Prezo (por m<sup>2</sup>) e, no seu caso, os incentivos ou bonificacións.





- d) Perfil empresarial, indicando o número de empresas instaladas, o número de persoas traballadoras e actividades predominantes.
- e) Guía de empresas.
- f) Denominación e datos da entidade de conservación/xestión.
- g) Planos en .pdf e fotografías aéreas do ámbito.
- h) Outra información relevante que se desexe facer constar.

#### Artigo 7. *Forma e lugar de presentación de solicitudes*

1. A inscrición realizarase mediante a presentación dunha solicitude para cada área empresarial obxecto de inscrición.
2. As solicitudes presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado que figura como anexo I e dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

#### Artigo 8. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:
  - a) Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe en nome da entidade promotora da área empresarial, se é o caso.
  - b) Documentación relativa a calquera outro dato que a persoa promotora queira facer constar na inscrición por consideralo relevante ou de interese en relación coa área empresarial.

Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento e con anterioridade á formulación da proposta de resolución, o órgano competente poderá requirirllle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento.



2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:


- a) Número de identificación fiscal (NIF) da persoa promotora.
- b) Documento nacional de identidade (DNI), número de identificación de estranxeiro (NIE), ou número de identificación fiscal (NIF) da persoa ou entidade representante, de ser o caso.
- c) Datos catastrais.

2. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 10. *Emenda da solicitude*

No suposto de que se observe algún defecto na solicitude de inscrición ou sexa incompleta a documentación exixida, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirase á persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos.





### Artigo 11. *Resolución*


1. O órgano instrutor dos procedementos será a Dirección Técnica de Solo, Edificación e Calidade do IGVS.
2. As solicitudes que reúnan os requisitos establecidos darán lugar á correspondente resolución de inscrición no censo de solo empresarial de Galicia.
3. Corresponde á Dirección Xeral do IGVS ditar a resolución de inscrición no censo de solo empresarial de Galicia.
4. A resolución indicará o número de referencia da área empresarial e de inscrición de cada parcela.

### Artigo 12. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

### Artigo 13. *Inscrición de oficio*

Sen prexuízo das responsabilidades que se deriven para a persoa promotora pola non inscrición en prazo da área empresarial, con carácter subsidiario e previa audiencia da persoa interesada o IGVS poderá inscribir de oficio a dita área no censo de solo empresarial de Galicia.



#### Artigo 14. *Prazo*

O prazo para a inscrición das áreas empresariais de inmediato desenvolvemento será de tres meses contados a partir da data de aprobación dos correspondentes plans parciais ou proxectos sectoriais.

#### Artigo 15. *Modificacións*

1. Nos supostos de venda, arrendamento e constitución de dereito de superficie das parcelas da área empresarial e toda alteración das condicións tidas en conta para a inscrición ou dalgún dos datos consignados no censo de solo empresarial de Galicia implicará para a persoa promotora da área empresarial o deber de solicitar a correspondente modificación, no prazo dun mes a contar dende que tivo lugar.

2. Para solicitar a modificación da inscrición empregarase o mesmo formulario normalizado que para a inscrición e presentarse segundo o previsto no artigo 7.

Ao indicar o número de referencia da área empresarial no censo de solo empresarial de Galicia, recuperaranse automaticamente no formulario os datos dispoñibles e só se cumprimentarán os apartados obxecto de modificación.

3. Para os casos de alteracións de parcelas, deberá achegarse novo plano da área coa identificación das parcelas, en formatos .dwg e .pdf., no que se recolla a dita modificación.

4. O procedemento de modificación finalizará mediante resolución motivada da Dirección Xeral do IGVS, que será notificada á persoa interesada.

#### Artigo 16. *Seguimento e control*


1. O IGVS poderá en calquera momento requirir á persoa promotora a documentación necesaria para comprobar a exactitude da información incorporada ao censo de solo empresarial de Galicia.

2. Previa audiencia da persoa promotora da área empresarial, o IGVS poderá de oficio modificar a inscrición cando teña constancia de cambios que afecten aos datos consignados no censo ou cando as áreas empresariais non reúnan os requisitos para figurar nel.

3. Cando resulte necesario para o axeitado cumprimento da obriga prevista de inscrición no censo, a Dirección Xeral do IGVS poderá encomendar aos servizos de inspección do Instituto que realicen as correspondentes comprobacións.







## Artigo 17. *Recursos*

Contra as resolucións ditadas pola Dirección Xeral do IGVS en aplicación deste decreto poderase interpoñer recurso de alzada ante a Presidencia do IGVS nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## CAPÍTULO III **Acceso ao censo**

### Artigo 18. *Información*

1. A información derivada da inscrición das áreas empresariais no censo de solo empresarial de Galicia poderase obter na páxina web do IGVS.
2. O acceso ao censo de solo empresarial de Galicia será de xeito libre e gratuíto, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

## CAPÍTULO IV **Réxime sancionador**


### Artigo 19. *Infraccións.*

1. De conformidade co artigo 22 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, terá a consideración de infracción administrativa leve a falta da inscrición no censo do solo empresarial de Galicia das áreas empresariais que teñan parcelas dispoñibles para a comercialización, así como que estean previstas para o seu inmediato desenvolvemento.
2. Dado o carácter permanente da infracción, o prazo de seis meses da súa prescrición comenza a contar dende o momento da finalización da conduta infractora.

### Artigo 20. *Persoas responsables*

1. De conformidade co artigo 23 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, serán responsables da infracción tipificada as persoas promotoras das áreas empresariais, segundo o establecido no apartado 2 do artigo 12 da citada lei, que resulten responsables dela.

Cando a responsabilidade dos feitos constitutivos da infracción correspondera a unha persoa xurídica, poderán considerarse responsables, ademais, as persoas físicas integrantes dos seus órganos de dirección que autorizaran ou consentisen a comisión da infracción. As ditas persoas físicas serán consideradas responsables, en todo caso, se a persoa xurídica se extingue antes de terse ditado a resolución sancionadora.



2. Cando a infracción sexa imputable a varias persoas promotoras de áreas empresariais e non sexa posible determinar o grao de participación de cada unha, responderán solidariamente.

3. As sancións que se impoñan a distintos suxeitos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

#### Artigo 21. Sancións

1. De conformidade co artigo 24 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, a infracción administrativa leve será sancionada con multa de 1.000 a 10.000 euros.

2. Na imposición das sancións terase en conta para graduar a contía das multas a reiteración ou reincidencia na comisión das infraccións.

3. As sancións impostas prescriben ao ano, prazo que comezará a contarse dende o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución sancionadora ou transcorrera o prazo para recorrela.

#### Artigo 22. Orde de execución

1. De conformidade co artigo 24 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, ademais da correspondente sanción, a resolución do procedemento sancionador incluírá unha orde de execución para que a persoa física ou xurídica sancionada emende o incumprimento que motivou o procedemento e solicite a inscrición da área empresarial dentro do prazo dun mes, a contar dende o día seguinte a aquel no que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorrera o prazo para recorrela.


2. Constatado o incumprimento da orde de execución, o IGVS poderá impoñer multas coercitivas á persoa sancionada, con periodicidade mínima mensual para a súa materialización. A multa será por un importe de 300 euros o primeiro mes, incrementada en 1.000 euros cada un dos sucesivos meses ata o cumprimento da orde de execución, sen que o importe total poida exceder dos 6.000 euros.

3. A multa coercitiva é independente das sancións que se poidan impoñer e compatibles con elas.

#### Artigo 23. Procedemento

1. A imposición de sancións realizarase mediante a instrución do correspondente procedemento sancionador e conforme coas determinacións que se establecen na Lei 39/2015, do 2 outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 2 de outubro, do réxime xurídico do sector público.





2. As persoas titulares das xefaturas territoriais do Instituto Galego da Vivenda e Solo nas que radiquen as áreas empresariais que non se inscriban no Censo de solo empresarial de Galicia serán os órganos competentes para a imposición das sancións, correspondéndolle a instrución dos procedementos ás correspondentes áreas provinciais do IGVS.

3. O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento sancionador previsto no presente decreto será de seis meses, contados desde a data do acordo de inicio.

#### Disposición adicional primeira. *Datos de carácter persoal*

Os datos persoais que se recaden neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo IGVS coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión do procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información do censo do solo empresarial de Galicia.


As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

#### Disposición adicional segunda. *Actualización de formularios normalizados*

Os formularios normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado nesta disposición poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

#### Disposición transitoria primeira. *Inscripción de áreas empresariais en funcionamento*

O prazo para proceder á inscrición das áreas empresariais que xa estean en funcionamento é de tres meses contados a partir da data de entrada en vigor deste decreto.



Disposición transitoria segunda. *Interoperabilidade coas infraestruturas e servizos comúns da sociedade Xestión do Solo de Galicia, S.A. e da entidade Suelo Empresarial del Atlántico, S.A.*

A información dispoñible nas ferramentas implantadas pola sociedade Xestión do Solo de Galicia, S.A., e pola entidade *Suelo Empresarial del Atlántico, S.A.*, para a xestión dos parques empresariais baixo o seu ámbito de actuación, poderá integrarse automaticamente no censo do solo empresarial de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para a execución*

1. Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de vivenda para ditar no ámbito das súas competencias as normas necesarias para o desenvolvemento deste decreto.
2. Sen prexuízo do anterior, habilítase á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS para ditar as instrucións e resolucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste decreto en relación coa estrutura e funcionamento do censo de solo empresarial de Galicia


Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor ao mes da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, \_\_\_ de \_\_\_\_ de 2019

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Ángeles Vázquez Mejuto  
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



## ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
CENSO DE SOLO EMPRESARIAL DE GALICIA ALTA/MODIFICACIÓN DA ALTA	VI _ _ _ _	SOLICITUDE


<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>					
NOME/RAZÓN SOCIAL					NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQUE
					ANDAR
					PORTA
PARROQUIA			LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

Número de alta da área empresarial no censo de solo empresarial de Galicia

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Notifíquese a:	<input type="checkbox"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="checkbox"/> Persoa ou entidade representante
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a>	
Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

<b>OBXECTO DA SOLICITUDE</b>	
<input type="checkbox"/>	Inscripción de áreas empresariais que teñan parcelas dispoñibles para a comercialización.
<input type="checkbox"/>	Inscripción de áreas empresariais previstas para o seu inmediato desenvolvemento.
<input type="checkbox"/>	Modificación da inscrición.



**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. No suposto de inscrición no censo, que a persoa solicitante é a promotora da área empresarial obxecto de inscrición.
2. No suposto de modificación da inscrición, que se produciu o feito que motiva a alteración dos datos do censo.
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da representación da persoa que actúa como representante, de ser o caso.	ÓRGANO	CÓD. PROCED.	ANO
<input type="checkbox"/> No suposto de modificación da inscrición no censo, copia da documentación que a acredita.			
<input type="checkbox"/> No suposto de modificación da inscrición por alteración das parcelas, plano da área coa identificación das parcelas, en formatos .dwg e .pdf., no que se recolla a dita modificación.			
<input type="checkbox"/> Calquera outro documento que a persoa solicitante considere necesario como complemento da documentación anterior.			

**COMPROBACIÓN DE DATOS**


Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

**OPÓÑOME Á CONSULTA**

<input type="checkbox"/> DNI/NIE da persoa solicitante	O
<input type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante	O
<input type="checkbox"/> DNI/NIE da persoa representante, se é o caso	O
<input type="checkbox"/> NIF da entidade representante, se é o caso	O
<input type="checkbox"/> Datos catastrais.	O

**DATOS XERAIS DA ÁREA EMPRESARIAL PARA INSCRIBIR NO CENSO DE SOLO EMPRESARIAL DE GALICIA**


Denominación <input type="text"/>			
Coordenadas GPS referidas ao centro da área empresarial X: <input type="text"/> Y: <input type="text"/>			
Enderezo:			
TIPO	NOME DA VÍA		
PARROQUIA	LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
Entidade promotora			
Nome e apelidos /Razón Social <input type="text"/>			NIF <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Pública	<input type="checkbox"/> Privada	Web <input type="text"/>	Teléfono <input type="text"/>
Correo electrónico <input type="text"/>			
Datos de construción da área empresarial			
Ano de Construción <input type="text"/>		<input type="checkbox"/> Desenvolto por fases	
Data de posta en funcionamento: <input type="text"/>		Data de prevista para a posta en funcionamento: <input type="text"/>	
Estado: <input type="text"/>			
<input type="radio"/> Planeamento Aprobado		<input type="radio"/> Adquisición de terrenos <input type="radio"/> En urbanización	
Superficie total do ámbito (m2): <input type="text"/>		Superficie lucrativa dispoñible(m2): <input type="text"/>	
Núm. de parcelas: <input type="text"/>		Núm. de parcelas dispoñibles ou previstas: <input type="text"/>	
Tipoloxía da área empresarial:			
<input type="checkbox"/> Polígono industrial	<input type="checkbox"/> Plataforma loxística	<input type="checkbox"/> Parque tecnolóxico	<input type="checkbox"/> Polígono comercial
<input type="checkbox"/> Outros: <input type="text"/>			
Infraestruturas e servizos			



<input type="checkbox"/> Depuradora de augas	<input type="checkbox"/> Vixilancia	<input type="checkbox"/> Área de aparcadoiro	<input type="checkbox"/> Internet de alta velocidade	<input type="checkbox"/> Servizo de gardería
<input type="checkbox"/> Restaurante	<input type="checkbox"/> Hotel	<input type="checkbox"/> Gasolineira	<input type="checkbox"/> Loxística	
<input type="checkbox"/> Outros: <input type="text"/>				
<b>Información xeográfica:</b>				
<input type="checkbox"/> Planos	<input type="checkbox"/> Fotografías	<input type="checkbox"/> Sistemas de información xeográfica		
<input type="checkbox"/> Outros: <input type="text"/>				
<b>Documentación que presenta a persoa solicitante como complemento da documentación anterior.</b>				
DOCUMENTO	URL OU NOME DO FICHEIRO NO QUE SE XUNTA O DOCUMENTO			
PLANEAMENTO REGULADOR	<input type="text"/>			
PLANO DE ZONIFICACIÓN	<input type="text"/>			
PLANO DE SITUACIÓN	<input type="text"/>			
AUTORIDADE DE XESTIÓN	<input type="text"/>			
<input type="text"/>	<input type="text"/>			

DATOS ESPECÍFICOS DE ÁREA EMPRESARIAL QUE TEÑA PARCELAS DISPOÑIBLES PARA A SÚA COMERCIALIZACIÓN				
<i>(cubrir só en ese caso)</i>				
Entidade de xestión e conservación: <input type="text"/>				
Nome e apelidos /Razón Social <input type="text"/>				NIF <input type="text"/>
TIPO	NOME DA VÍA			
PARROQUIA			LUGAR	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	Web
Persoa de contacto <input type="text"/>				
<b>Perfil empresarial</b>				
Número de empresas instaladas <input type="text"/>		Número de persoas traballadoras <input type="text"/>		
Actividades predominantes <input type="text"/>				

OFERTA DE PARCELAS DISPOÑIBLES PARA A SÚA COMERCIALIZACIÓN										
Datos xerais							Contido	Tipo de operación permitida sobre o espazo	Uso	
N.º Identificación	Referencia catastral	Superficie (m2)	Prezo/m2	Prezo Total	%Máximo Bonificación/Redución	Descrición				Fase
								<input type="checkbox"/> Só Parcela <input type="checkbox"/> Naves <input type="checkbox"/> Oficinas	<input type="checkbox"/> Venda <input type="checkbox"/> Arrendamento <input type="checkbox"/> Arrendamento	<input type="checkbox"/> Servizos <input type="checkbox"/> Industrial <input type="checkbox"/> Comercial




									con dereito a compra	
								<input type="checkbox"/> Locais	<input type="checkbox"/> Dereito de superficie <input type="checkbox"/> Dereito de superficie con opción a compra	<input type="checkbox"/> Loxística
<b>Outra información</b>										

<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE TRATAMIENTO DE DATOS PERSOAIS</b>	
<b>Responsable do tratamento</b>	Xunta de Galicia. Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo.
Finalidades do tratamento.	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e servizos. Consentimento das persoas afectadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderá acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>
Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

<b>LEXISLACIÓN APLICABLE</b>
- Artigos 12 e 22 a 26 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia - Orde do ___ de _____ de 2019, pola que se regula o censo de solo empresarial de Galicia.

<b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE</b>
Lugar e data





	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--

**DIRECCIÓN XERAL DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO DE GALICIA**